



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Xacobeo, turismo, xeografía, paisaxe, gastronomía, usos e costumes sociais

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de Xacobeo, turismo, xeografía, paisaxe, gastronomía, usos e costumes sociais que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
VIDA LÁCTEA SLU	<i>Creative Jam para a mocidade Xacobeá</i> , evento presencial e en liña arredor da temática do Xacobeo 2021 e da cultura dixital. Baseado nas metodoloxías Design Thinking e conducido por Florent Orsoni, para desenvolver en tres días e con 140 participantes de Francia, España, Portugal e Reino Unido (entre os 18 e 30 anos de idade) no Complexo Residencial Lug II.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	10.000,00
ÓSCAR DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ	Compra de 320 exemplares do novo proxecto discográfico <i>De raíz. Música tradicional galega</i> , do grupo O Son do Río.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
MIGUEL IGLESIAS BARREIRO	Peza audiovisual <i>Noia Portus Apostoli</i> , de 20" de duración aprox., destinada a potenciar a vila de Noia, como destino turístico no marco do Xacobeo e do Camiño de Santiago, así como a importancia que tivo como porto do Camiño poñendo en valor a simboloxía xacobeá que se agocha nela a través da colaboración con artistas noíeses como Ricardo de Barreiro (autor dos textos e narrador), Brais Sánchez ou Narci Rodríguez.	DIXITAL	3.932,50
MARÍA ROGELIA GAGO RUIBAL	Xira de cinco funcións da peza teatral <i>Soa</i> , da actriz Rogelia dos Outeiros, espectáculo sobre a esperanza protagonizado por unha muller maltratada física e psicolóxicamente, inspirado no coñecido monólogo <i>La donna Sola</i> de Darío Fo (1977) e dirixido por Fran Rei.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.630,00
IRIA PROL CID	<i>Entroido ilustrado</i> , serie de 6 ilustracións dixitais mixtas en formato de alta calidade e representativas dos traxes e máscaras tradicionais do Entroido de Ourense (Triángulo máxico: peliqueiros de Laza, pantallas de Xinzo de Limia, cigarróns de Verín, boteiros de Viana do Bolo, felos de Maceda e boteiros de Vilariño de Conso) con textos explicativos en versión trilingüe (galego, castelán e inglés).	DIXITAL	4.000,00
PROT COMUNICACIÓN SL	<i>O Camiño Primitivo</i> , serie documental audiovisual en sete capítulos de aprox. 7' de duración sobre o Camiño Primitivo. Un capítulo por cada etapa: Cap. 1. Grandas de Salime á Fonsagrada, Cap- 2. Da Fonsagrada ao Cádavo Beleira, Cap. 3. Do Cádavo-Baleira a Lugo, Cap. 4. De Lugo a San Romao da Retorta, Cap. 5. De San Romao da Retorta a Melide, 6. De Melide ao Pedrouzo, 7. Do Pedrouzo a Santiago de Compostela). Conducida e presentada polo actor, director e guionista Aitor Rei.	DIXITAL	9.994,60
SEISPÉS PRODUCCIÓNS CREATIVAS SL	<i>Xacobeo Miudiño</i> , proxecto de tres pezas audiovisuais (6-7' de duración) arredor do Ano Xacobeo e do Camiño de Santiago, destinado ao público infantil de entre 6 e 12 anos (descúbrego, camiñao, víveo). Adaptado para persoas con discapacidade auditiva, mediante subtítulado.	DIXITAL	9.891,75





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
SIMPLEMENTE AVANZA SLU	<i>Tendendo pontes</i> , reportaxe en 50 fotografías (mín.) con cadansúa lenda e explicación histórica e cultural en formato de libro electrónico actualizable sobre as pontes que existen no Camiño de Santiago francés, O Cebreiro-Santiago-Fisterra, e que conforman unha simbiose de arquitectura, cultura e paisaxe e que son un elemento vertebrador do territorio, para alén de constituír unha metáfora de unión entre pobos. Incluirase a ruta na aplicación Wikiloc.	DIXITAL	10.000,00
VÍCTOR MANUEL BELLO CORTIZO	<i>Cantos na maré</i> , documental sobre a historia e traxectoria do festival internacional de música lusófona homónimo desde os seis inicios no ano 2004 ata hoxe. Un percorrido pola súa historia por medio de entrevistas e actuacións de músicos chegados de Cabo Verde, Angola, Portugal, Brasil, Mozambique, Guinea Bissau... para tender pontes con Galicia, sede do encontro.	DIXITAL	4.000,00
MARÍA DEL CARMEN FERNÁNDEZ BLANCO	<i>A Serra do Xurés-Gerês no Camiño da Geira e dos arrieiros</i> , documental bilingüe (galego-portugués) duns 20' de duración que permitirá coñecer a totalidade do Camiño denominado "da Geira e dos Arrieiros".	DIXITAL	4.000,00
SONIA GARCÍA VIDAL	<i>Almorfe-Ottawa</i> . Videocreación poética, bilingüe galego-inglés, de coprodución galego-anglo-canadiana, onde a imaxe e a música enlazan dúas culturas unidas pola emigración a través das voces de Chus Pato e Erín Moure, con música orixinal de Nano Panforreiteiro e Enma Hooper (10-15' aprox. de duración).	DIXITAL	3.932,50
MARCOS CENAMOR FANDIÑO	<i>Os segredos da escaleira de Bonaval</i> , proxecto audiovisual arredor dos segredos da escaleira helicoidal obra de Domingo de Andrade, a quen se lle dedica neste 2020 o Día das Artes Galegas pola Real Academia Galega de Belas Artes.	DIXITAL	3.950,00
ROBERTO FERNÁNDEZ OTERO	<i>Entroido de Xinzo. Un sentimento</i> , creación dun mural de gran formato en homenaxe ao entroido de Xinzo de Limia e á súa personaxe principal, a Pantalla, neste concello.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.999,60
MIGUEL ÁNGEL CASTRO LÓPEZ	<i>Camiño de sons</i> , curtametraxe documental sobre o camiño sonoro de Santiago (aprox. 15' de duración) ao logo de diferentes etapas do Camiño Portugués.	DIXITAL	3.872,00
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO	<i>Rosalía de Castro na Costa da Morte</i> , xornada vencellada á figura da escritora na vila de Muxía e compra de 250 exemplares da reedición do CD <i>Rosalía cantada</i> por Eliseu Mera (barítono) e Cándido Cabaleiro (pianista).	PRESENCIAL / MATERIAL	9.981,50





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
ANA ISABEL RAMUDO CARBALLEIRA	Adquisición de 250 exemplares de <i>Ribeira Sacra en acuarelas</i> , proxecto editorial consistente nun caderno de viaxes ou acuarelas sobre a Ribeira Sacra, da man de Almacén de Fábulas. Tamaño 24 x 17 en horizontal, cuberta en capa dura de cartón de 2'5 mm plastificado mate, 80 páx., interior en tintas 4/4 e estucado mate 170 gr. e encadernación ao cromo con lombo recto.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
I-RADIA CREA SL	<i>Cantar e contar</i> , actividade destinada a promocionar a lingua galega por medio das voces de creadores novos en galego, a través de concertos e conversas, así como da gravación da actividade nun vídeo. Artistas participantes: Cristina V. Miranda e Os amigos dos músicos.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	7.500,00
RECREO CULTURAL DA ESTRADA	<i>Campamento Cultural Xacobeo 2021</i> , para darlle a coñecer aos nenos e nenas de entre 4 e 16 anos o fenómeno Xacobeo e o Camiño da Geria e dos Arrieiros, que pasa polo Concello da Estrada unindo Braga con Compostela, da man da asociación Codeseda Viva a través de obradoiros e doutras actividades formativas.	PRESENCIAL / MATERIAL	8.270,00
DEZASETE GRADOS SL	<i>Música na Ribeira</i> , proposta que conxuga a música en directo, adaptada á situación actual, en dous enclaves do Camiño de Santiago ao seu paso pola Ribeira Sacra. A localización dos espazos estará vinculada a dous puntos do Camiño seleccionados para a gravación dunha peza audiovisual e dos concertos ofrecidos pola banda Momboi, coordinada coa Administración valorando o interese dos espazos para desenvolver a parte presencial.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	8.800,00
GEMMA MARQUÉS REDONDO	<i>Anónimas campusinas. Pintura mural feminista</i> , catro murais exteriores de 2 x 3 m cada un aprox. inspirados nos oficios tradicionais das mulleres rurais de Camposancos (A Guarda, Pontevedra), que se enmarcan no proxecto feminista Anónimas. Retratos de musas cotiás, reivindicativo das mulleres anónimas, nais, avos, fillas, traballadoras e loitadoras cuxo labor e esforzo diario non é abondo recoñecido.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.990,00
XOEL MÉNDEZ PÉREZ	<i>Os horrea galaicos do castro da Acea</i> , peza audiovisual documental de 20' de duración aprox. gravada en Full HD 16:9 sobre os celeiros palafíticos achados na escavación do Outeiro de Castro.	DIXITAL	3.993,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
JOSÉ JAVIER PÉREZ LÓPEZ	Adquisición de 5000 exemplares do <i>Calendario do Camiño de Santiago Xacobeo 2021</i> , co trazado do Camiño Francés e indicacións das distancias e ilustracións dos elementos arquitectónicos, culturais e paisaxísticos máis representativos desde Saint-Jean ata Compostela. En formato de 80 x 26 cms (ancho x alto), impreso a 4/0 tintas+verniz mate en máquina, en papel estucado mate de 200 grs.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
SABELA LOSADA CORTIZAS	<i>O Camiño das mulleres</i> , libro dixital sobre a experiencia de viaxe e peregrinación feita por cinco mulleres, no que o propio Camiño de Santiago é amosado como fonte de transformación e como experiencia de viaxe accesible, sostible, segura e diferenciada no mercado turístico actual, especialmente recomendable para mulleres que viaxan soas. Asemade, o libro fai referencia a mulleres galegas coma Exeria, que en diferentes séculos abriron camiño coas súas experiencias vitais viaxeiras, rompendo prexuizos e convenncionalismos e converténdose en verdadeiros referentes para as novas e futuras xeracións. Fotografías (Soledad Felloza), imaxes a toda cor (Ana Villegas) e textos trilingües (galego, español e inglés).	DIXITAL	4.000,00

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adjudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indícaránselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.





2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	Puntuación CALIDADE (mín 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN
JAVIER ÁLVAREZ PÉREZ	Vídeo sobre a contorna fluvial do río Miño (5-8' aprox., en formato full HD 1920 x 1080 con proporción 16/9 e 25 f/s acompañado, para a súa difusión, de varios tráilers de 30" a 1' aprox. de duración).	3.993,00	29,33	Puntuación insuficiente
SINERXIAPLUS CONSULTORA SL	<i>Peixe no Camiño</i> , proposta para recuperar, valorizar e divulgar a tradición histórico-cultural, artesanal e gastronómica dos produtos pesqueiros do Camiño Xacobeo (mapa bibliográfico e etnográfico, mapa gráfico de recursos, corpus de vocabulario e referencias técnicas, listaxes de actividades e receitas gastronómicas, www.peixesdocamino.gal e acto de presentación pública.	10.000,00	29,33	Puntuación insuficiente
JOSÉ FRANCISCO TRONCOSO BARROS	<i>Matracala</i> : dúas xornadas de traballo de showcooking infantil (con tres sesións por día dunha hora de duración en calquera concello de Galicia), cuxos contidos e desenvolvemento non se detallan.	3.872,00	21,33	Puntuación insuficiente
PARTIDARIOS DA CIDADE S. COOP. GALEGA	<i>Natural = Artificial. Dúas lagoas na Coruña</i> , proxecto audiovisual e plataforma web, unha contorna visual e interactiva coa que reflexionar, a partir do caso de dúas lagoas naturais-artificiais na Coruña (localizadas no polígono de Someso e na canteira das Rañas), sobre os valores daqueles espazos ou elementos materiais imposibles de clasificar nin como feitos nin como elementos alleos á natureza ou á acción social.	9.801,00	27,33	Puntuación insuficiente
PERFORMA S. COOP. GALEGA	"Des-Enfocar Fisterra": estival de accións artísticas, poéticas e de posta en valor do patrimonio da Costa da Morte que levará a Fisterra o traballo dun conxunto de artistas, arquitectos, escritores, persoas relacionadas co ámbito gastronómico e patrimonial galego dinamizar a vida cultural desta localidade que marca a fin do Camiño de Santiago, como lugar de acollida de peregrinos e visitantes da ruta xacobeá pero tamén como lugar de vida vinculado ao mar e á terra e rico en cultura e historias.	10.000,00	32,00	Puntuación insuficiente
O CABLE INGLÉS S. COOP. GALEGA	<i>Emprendementos que fan Camiño. Unha mostra de iniciativas culturais creadas ao abeiro do Xacobeo</i> , acción de difusión dos proxectos apoiados ao abeiro dos programas do Xacobeo na 7ª edición do Pont-Up Store de Pontevedra	9.982,50	26,67	Puntuación insuficiente
JOSÉ MANUEL SUÁREZ SÁNCHEZ	<i>Diesperenna. Dispositivo para a estimulación da percepción no entorno natural</i> , evento/acción performativa e vídeo documental arredor dunha peza luminosa interactiva inserida na contorna natural do Camiño Inglés de Santiago.	3.993,00	27,33	Puntuación insuficiente
LABAUH FACTORY SL	Deseño e produción dun moble de cociña de estética inspirada en Staatliche Bauhaus e combinación galega de formas, cores e materiais para mostras gastronómicas, culturais, patrimoniais e turísticas de Galicia en accións de difusión da Xunta de Galicia.	10.000,00	16,00	Puntuación insuficiente
FERNANDO CAYAZZO RODRÍGUEZ	Catro funcións da peza escénica <i>Xaime</i> , inspirada no Camiño Portugués a Santiago de Compostela, da man da compañía Os Naufragos Teatro e para representar no Porto (Portugal), Baiona, Vigo e Redondela no mes de setembro de 2020	3.993,00	33,33	Puntuación insuficiente
AUTOS DOSIL SL	<i>O mellor Xacobeo da historia</i> , unha acción de promoción e visibilización da Ruta Xacobeá e da Peregrinación a Santiago desde a frota de autobuses desta empresa, por medio de publicidade visual en vehículos e información mediante fichas dos aspectos máis importantes do fenómeno Xacobeo. Inclúe bosqueños con posibles deseños de rotulación.	10.000,00	10,67	Puntuación insuficiente
PABLO CACHEDA DE PAZ	<i>Os chiringos</i> , proposta para desenvolver e gravar en vídeo un programa de concertos nos chiringuitos das praias de Francón, Pinténs, Tuia, Lagos e San Xián, para promover e dar a coñecer as rías de Aldán e Bueu. Os grupos elixidos serían Monouious Dop, Anti ia e Rosemaymusic.	4.000,00	18,67	Puntuación insuficiente
MIGUEL DOVAL GONZÁLEZ	Unha representación da peza <i>O Camiño</i> , un espectáculo musical a cargo da sección Setestrelo da Asociación Cultural Airiños de Fene, relacionado cos camiños de Santiago e baseado nos seus itinerarios, lendas e músicas. Trátase dunha posta en escena que integrará fotografía, vídeo, presentación teatralizada e música, a partir de sete partes relacionadas co Camiño (Camiño inglés, Camiño Fisterra-Muxía, Camiño portugués, Vía da Prata, Camiño francés, Camiño do Norte e Santiago).	4.000,00	32,00	Puntuación insuficiente





3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
CASA DE TOLOS SL	<i>O órgano da Catedral de Santiago:</i> Documental de 30' sobre o órgano da Catedral de Santiago, relatado por testemuños de eruditos do entorno xacobeo e ilustrado por imaxes en 4K.	9.976,45	Non presentar a documentación requirida	DIXITAL
PABLO SOTO GOLUBOFF	<i>Os misteriosos efectos da luz natural na Catedral de Santiago de Compostela:</i> Proxecto audiovisual que da a coñecer os misteriosos efectos lumínicos na Catedral de Santiago de Compostela	3.980,00	Non presentar a documentación requirida	DIXITAL

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

